

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao(BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día un de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN PLENARIA ANTERIOR DE DATA 21 DE DECEMBRO DE 2015 (PLENO ORDINARIO).- ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria

anterior de data 21 de decembro de 2015.

O Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar o borrador da devandita acta.

2º.-RENDICIÓN DA PREVISIÓN DE LIQUIDACIÓN DO PRESUPUESTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DO EJERCIZO 2015. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

3º.-INFORME DE MOROSIDADE CORRESPONDENTE Ó 4º TRIMESTRE DE 2015. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

4º.-INFORME SOBRE O PERIODO MEDIO DE PAGOS A PROVEEDORES NO 4º TRIMESTRE DE 2015. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

5º.- INVERSIONES FINANCIERAMENTE EXECUTADAS NO EJERCIZO DE 2015. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do informe do epígrafe.

O Concello Pleno dáse por enterado.

6º.- LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó EJERCIZO DE 2015. DAR CONTA.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da liquidación do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2015 aprobada por Decreto de Alcaldía de data 26 de xaneiro de 2015 obrante no expediente.

O Concello Pleno dáse por enterado.

7º.-PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,

Visto o expediente tramitado para a cesión ao Servizo Galego de Saúde do Centro de Saúde do Concello de Xove

Visto o disposto no artigo 62.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no que se dispón que as ordenanzas fiscais poderán regular unha exención a favor dos bens de que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

Pola presente propoño ó Concello Pleno a modificación puntual do artigo 4 da vixente Ordenanza do Imposto sobre Bens Inmobles, co seguinte teor literal:

Artigo 4º. Exencións

1.- En base ó disposto no artigo 62.4 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, están exento:a) Os bens inmobles de natureza urbana cuxa cota líquida sexa inferior a 6 euros.

b) Os bens de natureza rústica, no caso de que, para cada suxeito pasivo, a cota líquida correspondente á totalidade dos bens rústicos posuídos no termo municipal sexa inferior a 6 euros.

2.- En base ao disposto no artigo 62.3 do RDL 2/2004, de 5 de marzo estarán exentos os centros sanitarios da titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou do Servizo Galego de Saúde (SERGAS) sempre que estean directamente afectados ao cumprimento dos fins específicos dos referidos centros.

3.- Con carácter xeral , a concesión de exencións terá efecto a partir do exercicio seguinte á data da solicitude e non pode ter carácter retroactivo.

Enterado, o concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda aprobar inicialmente a modificación puntual da Ordenanza Municipal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmobles reflectida na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita, e someter o presente acordo o preceptivo trámite de información pública mediante anuncio a insertar no taboleiro municipal e a publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, lembrando expresamente que si no prazo legal de 1 mes, contado a partires do día seguinte ó de publicación do referenciado anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo non se presentaran reclamacións e/ou alegacións ó presente acordo, o mesmo entenderase elevado automaticamente a definitivo.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Neste punto non houbo asuntos que tratar.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezanove horas e trinta minutos da data indicada no encabezamento, levantase a sesión, estendéndose a acta presente de todo o tratado do que eu Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo.: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo.: Luís María Fernández del Olmo

